


Doíalle ver que tampouco no seu país se aprenderan as leccións do pasado. A corrupción, o amiguismo, o tanto tes tanto vales, seguían a ser predominantes. Alí non había rastro negro, nin branco, do *homem novo* que un día soñara construír. Se cadra esa era a condición humana: competencia feroz, individualismo, cinismo, falta de valores colectivos. Se cadra -pensábao e mancáballe recoñecelo- o egoísmo capitalista era o sistema que mellor se adaptaba á natureza dos homes. Ou quizais non, e aínda a vida digna para todos era unha utopía pola que merecía a pena loitar.



## LIBROS VIVENTES



**A LUTA CONTINÚA**



Doíalle ver que tampouco no seu país se aprenderan as leccións do pasado. A corrupción, o amiguismo, o tanto tes tanto vales, seguían a ser predominantes. Alí non había rastro negro, nin branco, do *homem novo* que un día soñara construír. Se cadra esa era a condición humana: competencia feroz, individualismo, cinismo, falta de valores colectivos. Se cadra -pensábao e mancáballe recoñecelo- o egoísmo capitalista era o sistema que mellor se adaptaba á natureza dos homes. Ou quizais non, e aínda a vida digna para todos era unha utopía pola que merecía a pena loitar.

*Luanda entoleou por enteiro e o fulgor do diñeiro cegou a sensatez dos homes.*

Anotou lentamente a frase no caderno gris, mentres ollaba para fóra pola fiestra pegada á súa mesa. Era a segunda vez que vía caer no disparate unha sociedade enteira. A primeira fora na Galicia dos noventa. Aquel filósofo, non lembraba o nome, dixérao dunha maneira que lle quedara gravada: “É o triunfo da ostentación e da aparencia, a vulgaridade moral dunha nova clase media que non é tal, sen cultura para a liberdade e que se fai rica sen esforzo”.

Doíalle ver que tampouco no seu país se aprenderan as leccións do pasado. A corrupción, o amiguismo, o tanto tes tanto vales, seguían a ser predominantes. Alí non había rastro negro, nin branco, do *homem novo* que un día soñara construír. Se cadra esa era a condición humana: competencia feroz, individualismo, cinismo, falta de valores colectivos. Se cadra -pensábao e mancáballe recoñecelo- o egoísmo capitalista era o sistema que mellor se adaptaba á natureza dos homes. Ou quizais non, e aínda a vida digna para todos era unha utopía pola que merecía a pena loitar.

Dirixiu a mirada cara a amplitude do local. A formación no servizo de intelixencia, os meses de adestramento en Moscova e as prácticas de guerra contra a UNITA deixáranlle hábitos que ficaran para sempre. Un deles era a forma de ollar e de se situar nos espazos. Nas paredes da cafetaría había imaxes dos anos da independencia, e vellos cartaces gastados do MPLA. Dentes branquísimos sorrían desde caras con puchos militares, kalashnikovs soviéticos no ombreiro, *a luta continúa*. En que momento deixara el de crer nos ideais de mocidade? Ou nunca descrera de todo e aínda os levaba dentro, a latexar pola calada, á espera de que alguén os prendese de novo?

Buscouse instintivamente naquelas fotos de combates, mais sabía que non ía estar. Era un neno aínda naquela altura, faltaban dez ou doce anos para a súa entrada no horror. Fixou uns segundos os ollos nos vidros da xanela, preso dunha raiba súbita. Anotou un par

de frases máis no caderno e calmouse debuxando nel, con coidado e vagar, a faciana dun ñu, que quería incluír no seu novo libro.

Da porta da cociña saíu una muller entrada en anos, que se dirixiu a un dos camareiros. Os olores da comida, as especias, o arroz, as sopas quentes, invadiron a estancia. A aldea da súa nenez estaba alí, naqueles aromas, e con eles o medo nocturno polos animais que se achegaban, atraídos polo cheiro, até o poboado.

Deixouse estar nas lembranzas uns minutos que semellaron anos, e espertou polo ruído do televisor. Angola medraba ano a ano e cada vez máis europeos procuraban traballo nela, dicía un dos ministros do actual goberno.

Volveu ao caderno gris e anotou: *Destruir o velho para construir o novo*. Quería reler o Agostinho Neto, contrastar ao mozo que fora co home que era. Acaso algo do realmente vello e odioso fora destruído, ou simplemente o poder mudara a súa careta? Eran ou non, coma sempre, os fillos dos humildes quen padecían a violencia, a pobreza, o medo? Eran ou non quen hoxe vían, como a el lle pasara, ás elites corruptas decidir sobre as súas vidas, sendo aínda mocíños cheos de esperanzas que nunca chegarían a ver cumpridas?

